

REPERCUSIÓNS SOCIOECONÓMICAS DO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA E DO COMPORTAMENTO ESTRATÉXICO DAS ELITES DOMINANTES

MANUEL CAO FERNÁNDEZ

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras claves: Normalización lingüística, elites non galegas, comportamento estratéxico, normas ineficaces, grupos de presión, ausencia organizacións nacionalistas, prioridade do foráneo, novo contexto, galego ben público, barreiras de entrada

Key words: Linguistic normalization, non-Galician elites, strategic behaviour, uneffective norms, pressure groups, absence of nationalist organizations, priority of foreign things, new context, Galician as a public good, entrance barriers

Resumo

A normalización lingüística de Galicia ha de lerse tendo en conta a cultura sociopolítica xeral do Estado, o predominio cuantitativo e cualitativo das elites non galegas e a ausencia duns valores nacionais galegos diferenciados e ben definidos.

Nesta reflexión a mestura entre o positivo e o normativo é consciente e voluntaria. En realidade, o autor confesa a imposibilidade de achegarse á análise deste fenómeno de maneira neutral e cre que a neutralidade —difícil no quefacer intelectual xeral— só podería neste tema acochar obxectivos inconfesables e interesados.

Abstract

Linguistic normalization in Galicia must be considered bearing in mind the general sociopolitical culture of the State, the quantitative and qualitative predominance of non-Galician elites, and the lack of distinct, well-defined Galician

national values.

The mixture of positive and normative veins in this essay is conscious and voluntary. The author confesses his inability to approach this phenomenon from a neutral standpoint; and believes that neutrality, which in general is difficult in intellectual enterprises, may in this field serve only to hide disreputable, interested aims.

1. INTRODUCCIÓN

Examinando as políticas económicas emprendidas pola Xunta de Galicia atopámonos con diversas constantes curiosas que analizaremos nun estudio máis amplo que esperamos que sexa publicado no futuro. Para ir creando ambiente ímonos centrar brevemente no proceso de normalización lingüística seguido pola Xunta de Galicia e que tivo como fitos máis destacados os seguintes:

a) A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Por esta Lei, as Institucións Autonómicas,

os medios de comunicación autonómicos, o ensino..., etc. poden falar e escribir no idioma galego sen estar fóra da legalidade. Máis aínda, esta Lei é un instrumento de defensa e promoción do galego, de tal xeito, que o resultado final previsto será acada-la plena normalidade lingüística para a sociedade galega.

b) A Lei 9/1984, de 11 de xullo, de creación da Compañía Radio Televisión de Galicia.

Por esta Lei, Galicia conta con medios de comunicación audiovisuais que emiten, ou poden emitir, en idioma galego. Non hai ningunha pexa legal para o uso do galego, polo contrario, dado que se nutren do Presuposto da Xunta e só poden emitir para o territorio da CCAA de Galicia o patrón e o cliente son, ámbolos dous, membros da sociedade galega.

Con estes dous instrumentos resulta algo sorprendente como o idioma galego non é absolutamente hexemónico na nosa terra e séguese a abanea-lo perigo do español como lingua dominante.

2. A EFICACIA DAS NORMAS NA SOCIEDADE GALEGA

Unha das diferencias entre Estados febles e Estados fortes fai referencia á relación asimétrica entre a promulgación das normas e o seu cumprimento ou efectividade real. No noso caso, o Estado español encadrárase máis ben naqueles nos que o informal predomina sobre do formal. Pensemos en calquera tipo de normas elaboradas polo Estado, e, correlativamente, atoparémonos con elevados graos de incumprimento. A unha proliza lexislación fiscal corresponden importantes bolsas de fraude, a unhas normas urbanísticas detalladas corresponde a construción de inmobles sen control de ningún tipo, etc.

Non debe de estrañar, por iso, que a normalización do idioma en Galicia quedara tamén sobre o papel. De tódolos xeitos, debemos diferenciar claramente os diversos tipos de incumprimento. Nos exemplos anteditos estamos ante o conflito existente entre o beneficio público e o beneficio privado. Nunha sociedade individualista, desestructurada e relativamente insolidaria non é estraño que se prime o benefi-

cio individual cuantificable a curto prazo, en lugar de confiar na provisión de bens públicos futuros que quedarán ó arbitrio de autoridades, que perseguindo, sobre todo, a súa propia utilidade poden decidir subministralos ou non.

En troques, no caso do idioma galego, non parece que o beneficio de vulnera-la norma sexa moi alto e, aparentemente, máis ben debería ocorrer-lo contrario.

3. AS ELITES POLÍTICAS EN GALICIA E O COMPORTAMENTO ESTRATÉXICO

Analizando a posta en práctica da política de normalización lingüística dende o punto de vista da eficiencia no uso dos recursos escasos en relación cos obxectivos aparentemente marcados a avaliación non pode ser máis negativa.

En efecto, en vez de premiar ós que poderían observa-la norma sen dificultade e cun mínimo custo —os galego falantes en Galicia non eran un produto precisamente escaso, e, con poucos recursos e alta satisfacción pola súa parte, serían rápida e fácilmente reciclables— acométese unha política de "recuperación" de falantes españois, —profundamente antigalegos na súa maioría— na que se invisten bastantes millóns de pesetas e que non acadan máis obxectivos cós de desvirtuar unha teórica política normalizadora. Lanzábaselle, así, unha mensaxe clara ós galego-falantes que se atopaban na tesitura de ver como se destinaban recursos monetarios as elites tradicionalmente non galegas, precisamente para normalizar agora o idioma. Realmente, vergoñento e esperpéntico.

Naturalmente, os español-falantes coñecedores de que o idioma galego resultaba ser de utilidade para obter postos de traballo ben remunerados nas institucións dependentes da CCAA de Galicia, non dubidaron en comportarse estratéxicamente realizando cursiños, acumulando puntos, cobrando axudas de custo, aprobando oposicións... etc., e, por suposto, falando español. Así, na actualidade, soe acontecer que os galego-falantes do país atópanse en desvantaxe co calquera señor ou señora de Zamora ou Murcia posuídor de multitude de cursiños de galego (de iniciación, perfeccionamento, e

quizais ata masters) pero que non sabe nin pronunciar unha soa palabra en galego¹.

En definitiva, a valoración da política de normalización lingüística pode ir dende un estrago de recursos a unha política deseñada polo inimigo. Ó final, son as asociacións de defensa da lingua, en moitos casos sen apoio do Goberno galego, as que fan que pouco a pouco se promova o idioma galego en Galicia. Non poderán acadarse éxitos definitivos senón se modifica radicalmente a política de normalización lingüística practicada ata agora pola Xunta de Galicia. A nova política pasa por potencia-lo idioma incentivando o seu uso, substituíndo o persoal que incumpra as normas por persoal autóctono —nesta liña poderían intercambiarse funcionarios galego falantes destinados noutras CCAA ou na Administración Central polos españois incrustados na Administración e nas Institucións Autonómicas de Galicia: Servicios Centrais e Periféricos, RTVG, Ensino Público, Admón. Local, etc.

4. UNHA TRANSICIÓN POLÍTICA E CULTURAL INCOMPLETA

¿Cales poden ser as causas que expliquen a permanencia destas políticas? ¿Cómo é posible que o presidente do Instituto da Lingua Galega sexa asturiano? ¿É que os galegos somos parvos? Preguntas simples pero de complicada resposta, e, sobre todo —e moito peor— preguntas que case ninguén se fai na nosa terra.

Esbozaremos algunhas hipóteses:

1) As elites políticas de Galicia son, nunha boa parte, non autóctonas, normalmente españolas. Iso ocorre así dende hai moitos séculos como queda de manifesto nos diversos estudos históricos feitos sobre Galicia. Son estes grupos quen elaboran e rendibilizan as decisións políticas, actuando como grupo de presión organizado e cunha gran cohesión. As discrepancias puntuais que poidan manter internamente non lles impiden actuar conxunta e solidariamente para pecha-lo paso a todo aquilo que teña relación co pobo galego e que pretenda subvertela orde establecida. Este tipo de mecanismos interiorízanse no sentir dos galegos, acentuando o seu complexo de inferioridade e o odio a se

mesmos e ás súas orixes. Na medida que deixen de ser galegos serán recompensados e poderán ingresar nestes círculos privilexiados.

Esta hipótese resulta corroborada, en boa medida, se analizamos-la historia recente de Galicia relativa a:

a) Proceso de xestión, aprobación e promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia.

b) As decisións de política institucional da Xunta de Galicia: sede das Institucións Autonómicas, Normalización da Lingua Galega, Medios de Comunicación, etc.

c) As decisións de política económica: Educación, Ordenación do Territorio, Infraestructuras, Industria, etc.

Non imos facer agora unha análise destes temas, só os citamos. En calquera caso, cómpre ter presente algúns destes aspectos. Para o que nos ocupa, interesa lembra-lo receo das clases dirixentes galegas ante a institucionalización autonómica do país, a continuada presión localista e españolizadora dos "coruñesistas", a ocupación dos cargos máis importantes unha vez que se consolida a autonomía encistándose e tratando de boicotear por dentro calquera proceso de achegamento á realidade galega. A contradicción, próxima á esquizofrenia persoal, ideolóxica e política, entre a necesidade dun maior poder rexional para controlar un Presuposto superior e a escasa identificación con proxectos máis ou menos nacionalistas, resulta case patética.

As recentes teorías sobre a chamada "autoidentificación" semellan un exercicio intelectual máis achegado á psicoloxía que a ciencia política. O orgullo dos galegos como simple colectivo, non xa nacionalista ou rexionalista, debería verse ferido por estas argucias teóricas que non pretenden máis ca arrogarse a representación lexítima do noso pobo para proseguir na súa negación, espolio, desprezo e asimilación.

De tódolos xeitos, non ten ningún sentido lamentarse deste proceso senón que primeiro hai que ser consciente del e logo actuar en consecuencia. Debe dicirse que nunha sociedade democrática, como a galega, iso é perfectamente posible sen modifica-lo ordenamento xurídico. As normas son suficientes só deben ser efectivas. Ademais, nunha sociedade democrática a

ninguén debe estrañar que cada grupo ou colectivo defenda os seus intereses: Se as elites herdeiras do Estado centralista español tratan de maximiza-la súa utilidade, organizándose política, económica e socialmente, os galegos debemos face-lo mesmo. De momento, o galego aínda é maioritario en Galicia. É necesario recupera-lo orgullo de ser galegos en lugar de ir pedindo perdón continuamente, é necesario rescata-la memoria perdida dos nosos antepasados, é necesario recupera-las orixes. É así como poderemos normaliza-la vida política, económica e social en Galicia, rendibiliza-los nosos recursos, participar activamente e en nome propio na construción europea, defende-los nosos intereses económicos e diferenciais, etc. En suma, así poderemos canaliza-las enerxías positivas do país cara os obxectivos que decidamos, en coordinación con outros pobos do mundo, e, en primeiro lugar, naturalmente, cos pobos de España e Portugal.

2) A segunda hipótese é correlativa da anterior. Trátase de analiza-la razón pola que os colectivos galego falantes non foron capaces de influír cara un curso de acontecementos máis favorable ós seus intereses. Atopamos varios elementos a ter en conta:

a) A correlación entre sociedade rural-baixo nivel cultural-colectivo de galego-falantes resulta ser moi significativa. Este factor xoga en contra do galego ó identificar galego con miseria. É aquí onde recobra sentido a hipótese anterior que realmente é a que impide a normalización e, naturalmente, trata de identificar galego con pobreza e español con prosperidade como arma propagandística e pseudoteórica. O desprezo polo rural, pola aldea, polo autóctono, ten partidarios en grandes capas sociais mesmo nalgunhas que se autodenominan nacionalistas. Pode chegar incluso a ser considerada culpable do atraso político e económico de Galicia. Pero ¿é que algunha vez gobernou Galicia alguén que non foran as clases intermediarias de raíz española?

Estas posturas raianas na burla pretenden por riba responsabilidades ós galegos das súas frustracións.

Para non acentuar innecesariamente os complexos existentes na sociedade galega convén sinalar que en tódalas sociedades campesi-

ñas existentes no mundo ocorren procesos similares, de forma que moitas delas perderon xa os seus costumes, a súa lingua, as súas tradicións, a súa relixión ó sufrir procesos de transformación política, económica e social liderados por sociedades alleas e dominantes.

b) Esta situación estrutural dános conta dunha parte da realidade, mais hai que referirse ás organizacións existentes que, ó menos aparentemente, dinse promotoras da normalización política de Galicia. Ó respecto diremos o que segue:

1. A normalización lingüística de Galicia foi proposta por distintos colectivos que dividiremos en dous tipos:

- Grupos que consideraban a normalización un tema apartidario e non ideolóxico. Máis ca nada era un problema cultural e cada opción política deberfa introduci-lo galego nos seus ámbitos de actuación. O idioma galego era un obxectivo compatible con calquera discurso ideolóxico e político.

- Grupos que insiren a problemática lingüística nun modelo teórico global de dominación, segundo o cal a normalización lingüística resultaría imposible sen normalización política.

Se sumamos a isto as distintas opcións ideolóxicas e organizativas teremos todo un abano de posturas que dun ou doutro xeito defendían a normalización do idioma galego en Galicia.

Todos estes grupos eran minoritarios dentro das elites galegas polo que a valoración da súa actuación é, en principio, positiva dado que ningún deles chegou a ser dominante na sociedade e na política, polo cal non puido levar á práctica ningún dos seus postulados básicos. Nós somos partidarios de non asañarnos cos nosos escasos aliados, postura que, polo contrario, ten en Galicia abundantes seguidores con resultados sempre nefastos.

De tódolos xeitos, non é ocioso constatar a miopía dos movementos nacionalistas radicais que perderon un tempo precioso inseríndose moi tardiamente nas estruturas político-institucionais xurdidas a consecuencia da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia².

Esta tardanza en asumi-las novas institu-

cións proponendo alternativas condenadas de antemán ó fracaso revela, entre outras cousas, unha falta de consideración á relación que en política debe existir entre a táctica e a estratexia, ademais de beneficiar ós sectores máis antigalagos que, sen oposición real, puideron hexemoniza-lo control das novas institucións. Pretender galeguizalas agora será máis custoso e máis difícil.

As razóns de tal proceder dentro dos propios nacionalistas radica precisamente en que tales movementos non teñen como obxectivo prioritario a defensa da nación galega —e, polo tanto en primeiro lugar da lingua— senón que teñen diversidade de obxectivos: o comunismo, o socialismo, o reintegracionismo, a liberación da muller, a rebeldía antisistema... etc., que en moitos casos prevalecen sobre a defensa da nación e da lingua galega. Todo isto sen entrar no sectarismo dominante de todos eles, incapaces de ter obxectivos comúns e sempre receosos e desconfiados entre si.

2. Non existe aínda unha forza política que poida considerarse nacionalista. Hai, en cambio, moitas persoas que individualmente militan en cada un dos partidos e que teñen comportamentos de defensa de Galicia e do galego. Non diría eu que os partidos autodenominados nacionalistas estean hexemonizados polo sector máis identificado coa terra, pois, interesa resaltar como tódolos grupos políticos participan dunha forma de actuar sumamente curiosa e típicamente galega, a saber: Sempre valoran máis ós persoeiros procedentes do exterior e minusvaloran e marxinan ós que só fan carreira en Galicia; iso si previo un curto período de autoidentificación. Esta característica implica que moitos dos líderes do país —os principais sempre— escóllense entre aqueles que o abandonaron e acadaron por iso un certo poder en institucións públicas ou privadas españolas. Despois desembarcan aquí como aqueles americanos que retornaban á súa terra chapurreando o español diante dos seus veciños, e son recibidos case como o maná caído do ceo. Isto significa que:

● Incentívase o abandono do país e mesmo a renuncia explícita ó mesmo, penalizando, pola contra, a defensa escura e diaria da lingua, o contacto directo co pobo, etc. Tal parece que só quedarían aquí os máis torpes, inútiles e

incapaces de promocionarse fóra.

● Hipoteca para sempre a posibilidade de que xurda unha organización que defenda primordialmente a Galicia. Se os propios do país non se defenden a se mesmos é absurdo que alguén de fóra o vaia facer.

● Tamén se premia ós non galegos que polo simple feito de non selo atópanse con vantaxes realmente incomprendibles. Son recibidos en organización nacionalistas cos brazos abertos só con mostrar unha certa tolerancia e interese polas súas ideas. Aquí xoga o comportamento estratéxico que é ignorado de forma infantil polos dirixentes galeguistas³.

5. O FUTURO DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN GALICIA

A normalización lingüística só será posible cando as elites dominantes do país representen o sentir xenuíno do pobo galego, identificándose coa súa problemática e traballando pola resolución da mesma. A relación entre apertura ó exterior, propia dunha economía aberta, e a identificación e aposta polo propio pobo non só non é antagónica senón que, necesariamente, ha de ser unha combinación equilibrada como as dúas caras da mesma moeda. Non é un segredo que os países máis avanzados cultural e tecnoloxicamente combinan maxistralmente o amor pola súa terra, a súa cultura, os seus costumes, etc., coa apertura ó mundo exterior no económico, na técnica... etc⁴.

É, polo tanto, indisociable o logro da normalización política, económica e social da normalización lingüística, e, todo iso, resulta impensable sen que os galegos tomen decisións por se mesmos, sexan responsables das mesmas, se organicen e se doten dos instrumentos que consideren oportunos, sempre partindo da primacía do galego respecto do non galego, do aprecio e defensa polo propio, do lexítimo orgullo polas propias raíces, etc.

Cómpre salientar finalmente que, con tódalas dificultades, hoxe existen condicións moi favorables para a consecución destes obxectivos como son:

a) O contexto internacional: A integración na CEE e a aparición de novos países obriga ó

Estado Español a ser menos belixerante no tema das culturas historicamente marxizadas ou oprimidas. O poder real en España vaise-lle, pouco a pouco, escapando das mans ó antigo centralismo, que, ademais de ineficiente economicamente, xa non acada as cotas de lexitimación social e política necesarias para gobernar e para segui-lo tren do progreso.

Se a isto lle engadimos que as liortas ideolóxicas teñen cada vez menos sentido queda como principal valor a conservar a idea de comunidade, nación ou país, valor que depende, case exclusivamente, da propia vontade das colectividade de organizarse e defende-la súa identidade e de dotarse das estruturas políticas e organizativas que prefira. Naturalmente, unha vez redefinidos os novos polos de poder a escala internacional o grao de autonomía para modificar o statu quo irá devecendo.

b) A institucionalización interna: As institucións da CCAA de Galicia hoxe existentes son case suficientes para normaliza-la vida e a historia de Galicia. Só é necesario imprimirlle unha dirección axeitada na defensa e mobilización dos recursos do país, dotalas de enerxía galeguista, e, dende logo, actuando de acordo cos tempos no aspecto económico e na integración supranacional, fuxindo da tentación exclusivamente enxebrista e autárquica.

As institucións e a normativa xurídico-política xa aprobada representa un paso adiante de tal magnitude que, dificilmente, que loitaron en tempos non tan afastados pola normalización do país puideron pensar que unha situación tan favorable chegara a darse. Só nos queda aprobeitala, completala e melloralala.

6. CONCLUSIÓN

Xa se puxo de manifesto a problemática das normas en Galicia. En paralelo á importancia que as políticas de oferta teñen na política económica ocorre algo parecido coa normalización lingüística: é necesaria unha reconversión, rápida, áxil e eficaz dos sectores relacionados coa lingua, de maneira que as ineficiencias non acaben devorando o sector e xeneralizando os

efectos perversos. Unha política lingüística errada xera efectos externos negativos sobre os galego-falantes, e, ademais, convén non esquecer que o idioma galego en Galicia é un ben público que só o pobo e a sociedade galega consciente pode proporcionar.

As elites políticas españolas actuarán, pola contra, maximizando a súa utilidade e iso pasa por neutraliza-lo subministro dun ben público que xerará efectos externos negativos para se mesmos. Non obstante poden realizar movementos estratéxicos tendentes a neutraliza-la efectividade na provisión dese ben. Esta manobra semella intelixente e fructífera. Nunha época de reconversión industrial en Galicia, cunha perda neta de influencia do sector real da economía, resulta chamativo o auxe dun novo sector relacionado coa lingua galega: medios de comunicación (RTVG), industria editorial relacionada coa introdución do galego na escola, premios, etc, que de novo se ve hexemonizada polos grupos foráneos⁵.

Nun sector en que as barreiras de entrada non estarían en contradición con ningunha directriz da CEE nin do GATT contraria ó proteccionismo, —serían barreiras naturais non artificiais— aquí en Galicia realizamos unha política de portas tan abertas que en calquera momento bótannos da nosa casa e quedámonos na rúa.

NOTAS

1. Ó analizármola relación entre recursos dedicados a normalización lingüística e o uso real do galego obtense unha curva decrecente de pendente negativa de tal forma que os aumentos no presuposto non se traducen nun maior uso real do idioma. As estatísticas recentes do censo de 1991, parecen confirmar este dato. Aínda que existan causas externas, interesa aquí destaca-las causas internas derivadas da elaboración e posta en práctica da política lingüística.
2. Esta limitada visión política aparece nidiamente nestas palabras de Lois Diéguez pronunciadas no Parlamento de Galicia con ocasión do Debate para a fixación da sede das institucións autonómicas nas que sinala que pouco sentido ten emprender unha batalla pola capitalidade "que vai significar, en efectos prácticos de postos de traballo

—aínda collendo a cifra esaxerada, dos que defenden esa posición— 1.000 funcionarios". Non pensaba o mesmo o sector españolista radical, encabezado polos chamados "coruñesistas", o grupo de presión mellor organizado de Galicia. Aínda recentemente, Francisco Vázquez, presidente electo da Federación Española de Municipios e Provincias en novembro de 1991 declaraba que: "A precariedade dos municipios débese á moda das autonomías", revelándose, unha vez máis, as súas reticencias históricas para asimila-lo o feito autonómico galego e o Estado das Autonomías en xeral.

3. Exemplos máis chamativos do antedito poderían ser:

- A dereita é incapaz de confiar nun líder local.
- O PSOE necesita desembarcar aquí a políticos da Administración Central.
- O BNG acolle no seu seo a calquera político ou persoeiro famoso aínda que durante anos fora o seu inimigo declarado.
- En calquera das institucións de Galicia (Administración, Universidade, Deputacións, Concellos... etc) existe un número excesivo de non galegos que non aportan á CCAA nada substancial que non puideran aporta-los propios galegos. Aquí hai que excluí-lo caso daqueles profesionais que aportan traballo e coñecementos de alto nivel á CCAA pero que son unha minoría. Obviamente, estes últimos

deberán ser apoiados con independencia de que se integren ou non na nosa terra. Incluso no caso de recoñecida militancia antigalega ha de defenderse a súa permanencia en Galicia.

4. "Os xaponeses son nacionalistas bastante espontaneamente, case diríamos que polo simple feito de ser xaponeses. Isto podería dicirse de calquera outra identidade colectiva: Michel Foucault adoitaba insistir en que o primeiro estadio de calquer afirmación colectiva pasa pola negación de toda identidade allea á propia, do que dá sobrada evidencia a historia política do continente europeo". En: Alberte Silva Castro. Algunhas claves para achegarse á sociedade xaponesa. *Política Exterior*, No. 21, Verán 1991, p. 177.
5. Ata Cela e Torrente escriben xa en galego, moda que non se estendeu ós persoeiros expertos en disciplinas máis técnicas: economistas, enxeñeiros, químicos, físicos, matemáticos, etc. Este fenómeno é moi grave, por canto, non supón unha normalización a partir de Galicia senón que se trata do control dun novo mercado literario polos grupos editoriais hexemónicos, coartando e condicionando a evolución natural dos novos valores da literatura galega. Ademais realimenta o complexo de inferioridade autóctono e incentiva a fuxida do país. Todo iso, circunscrito á literatura pois dos restantes temas —base de calquera sociedade tecnoloxicamente normalizada— a penas se escribe en galego.